

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 26/10/2023(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/10/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de setembro de 2023.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de setembro de 2023.

3. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N – Día Internacional contra as Violencias Machistas.

4. Toma de coñecemento da compatibilidade para realizar actividades privadas por parte de persoal eventual.

5. Adhesión, se procede, deste Concello ao Programa da reciclaxe a través de plantas de compostaxe (Vilanova de Arousa) , promovidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de SOGAMA.

6. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros para o ano 2024.

7. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o ano 2024.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre apertura de áreas competencia da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, con carácter periódico, para aliviar problemas de estacionamento

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reivindicación do día 25 de novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a imterposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para creación dun aparcadoiro disuasorio en Carril.

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos empregados municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo Gonzalez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2023.

Polo Sr. Alcalde desculpase a ausencia dos Concelleiros D. Jesús Rey Rodríguez e D. Raul

Santamaría González.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 28 de setembro de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2023: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación e rexistro municipal de asociacións
- 4 Aprobación pregos de licitación
- 2 Corrección de erro resolución aprobación pregos de licitación
- 1 Expediente de transferencia de crédito para FORME 2022-2023
- 4 Expediente de modificación de crédito por subvención
- 1 Liñas fundamentais do orzamento de 2024
- 2 Alta inscrición rexistro de animais potencialmente perigosos
- 3 Autorización festas ao aire libre
- 40 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente infracción de tráfico
- 1 Acordo de prescritos sen resolución
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Delegación funcións da Alcaldía
- 1 Nomeamento funcionarios de carreira
- 4 Nomeamento funcionario interino por substitución de titular
- 7 Substitución posto de categoría superior
- 2 Nomeamento letrados en recurso contencioso-administrativo
- 1 Resolución primeiras alegacións expediente Tesourería
- 4 Estimatoria/Desestimatoria beneficios fiscais IAE
- 7 Estimatoria rateo IVTM
- 7 Estimatoria/Desestimatoria IVTM
- 5 Estimatoria Recibos
- 14 Estimatoria compensación de débedas
- 4 Estimatoria liquidacións e baixas
- 20 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 3 Estimatoria/desestimatoria cambio de xestión de ben inmovible
- 7 Estimatoria/desestimatoria IBI
- 13 Estimatoria Beneficios fiscais IVTM
- 5 Estimatoria/desestimatoria IIVTNU
- 95 Estimatoria pagos duplicados
- 4 Pagos comisións bancarias
- 4 Pago expedientes Tesourería
- 7 Pago expedientes Intervención
- 1 Aboamento préstamo bancario
- 1 Iniciación expediente de execución parcial de aval
- 1 Recepción obras de urbanización
- 44 Comunicación previa de obras
- 1 Comunicación de apertura de establecemento
- 6 Deber de conservación
- 1 Licenza de segregación

25 Licenza de obra menor
12 Licenza de obra maior
12 Reposición da legalidade urbanística
1 Expediente sancionador de ruídos
2 Licenza para instalación de terraza vinculada a establecemento de hostalería
1 Realización trámites para obtencion certificado dixital
1 Desestimatoria outras solicitudes tributarias
2 Conformidade proxecto de execución
1 Renuncia tramitación comunicación previa obras
TOTAL 388

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25N – DÍA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO CONSELLO LOCAL DA MULLER

VILAGARCÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2023

Outro ano máis, como cada 25 de novembro, irremediabilmente temos que estar aquí denunciando a violencia machista. O firme compromiso do Consello Local da Muller de Vilagarcía é acabar con todas as discriminacións que afectan ás mulleres polo que, mentres haxa unha muller sufrindo calquera tipo de violencia aquí estaremos para visibilizala e protexela.

No último ano vemos como crece o número de mulleres asasinadas polo simple feito de ser muller, deixando coa súa traxedia outras vítimas como fillos e fillas ademais de todo o resto do seu entorno familiar e de amizade. Este ano 2023, 51* mulleres foron asasinadas en España e a cifra ascende a 1.231* desde 2003. Asemade, o número de menores orfas e orfos ascende a 46* no que vai de ano.

(*as cifras haberá que actualizadas á data da lectura do manifesto)

Pero a violencia vai máis alá destas cifras. A violencia machista está dende os pequenos tics na vida diaria ata o sometemento máis cruento en todos os lugares do mundo e en todos os ámbitos da vida.

Queremos lembrar no día de hoxe, a todas as mulleres que seguen sufrindo en silencio calquera forma de maltrato e especialmente, ás vítimas máis vulnerables: ás adolescentes, moi expostas ante as novas formas de violencia de control nas redes e nas novas tecnoloxías; ás mulleres con diversidade funcional e por tanto con maiores problemas de accesibilidade aos recursos públicos; as mulleres maiores, as cales pola súa dependencia económica ou un longo historial de abusos, teñen máis difícil saír do círculo da violencia; ás mulleres migrantes; ás deportistas, sobre todo as que practican disciplinas historicamente masculinizadas que acotío sofren discriminacións e agresións como podemos comprobar recentemente; ás mulleres que viven en entornos bélicos que se convierten en presas fáciles de abusos e violacións constantes, tanto de forma individual como colectiva nas zonas de conflito que coñecemos e as que ignoramos, ou a poboación de menores que sempre teñen sido as vítimas silenciosas dos malos tratos exercidos contra ás súas nais.

Por elo, dende o Consello Local de Muller de Vilagarcía, neste 25 de novembro de 2023 queremos manifestar que:

- Esiximos un trato xusto e equitativo para todas as persoas, independentemente do seu sexo e que as oportunidades, os recursos e o recoñecemento estean dispoñibles de forma

- igualitaria, sen discriminación.
- Denunciamos enerxicamente calquera forma de violencia, xa sexa física, verbal ou psicolóxica contra as mulleres no ámbito deportivo.
 - Esiximos que se apliquen políticas e medidas eficaces para previr, identificar e sancionar de forma contundente e exemplarizante calquera acto violento contra a muller.
 - Esiximos unha maior presenza das mulleres nos roles de liderado e na toma de decisións para garantir un ambiente máis inclusivo e equitativo.
 - Avogamos por unha sociedade que celebre a diversidade e promova a inclusión real de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou orientación sexual, da súa etnia ou as súas capacidades físicas.
 - Instamos aos medios de comunicación a exercer unha cobertura equitativa, imparcial e ética que visibilice o problema da violencia de xénero e promova o cambio cultural necesario para superar esta inxustiza.
 - Demandamos que as fazañas e logros das mulleres reciban a mesma visibilidade e recoñecemento que as dos homes.

Para elo, dende o Consello Local da Muller de Vilagarcía asumimos o compromiso de traballar co fin de seguir evolucionando na cultura sobre a violencia machista na sociedade, promovendo valores de igualdade, respecto e xustiza a todos os niveis. Somos conscientes de que para acadar este obxectivo é fundamental facer axustes legislativos, con dotación económica suficiente, dende todos os ámbitos: institucional, educativo, laboral, deportivo, mediático, cultural ou social.

Unámonos e sexamos axentes de cambio por un ambiente seguro e libre de violencias machistas por e para todas as mulleres.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e EU, informase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N-Día Internacional contra as Violencias Machistas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N-Día Internacional contra as Violencias Machistas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMPATIBILIDADE PARA REALIZAR ACTIVIDADES PRIVADAS POR PARTE DE PERSOAL EVENTUAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo de Xunta de goberno Local de data 2 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Lorenzo Bua (persoal eventual) de autorización/recoñecemento de compatibiliade.

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos no que se indica:

Con data 14/9/2023 o interesado ven de comunicar circunstancias laborais aos efectos no seu caso da procedencia do recoñecemento de compatibilidade de actividade privada.

..)

Procede INFORMAR:

Segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas: non é preciso a autorización nin o recoñecemento de compatibilidade de aquelas actividades que sumadas as que se desenvolvan no sector público non excedan en total do desempeño dun posto a tempo completo (37,5 horas) xa que dita autorización ou recoñecemento de compatibilidade viría referida a un segundo posto de traballo que excedese da xornada completa ordinaria.

E sen que no presente caso as suma de xornadas sexa superior a 37,5 horas de media semanal anual.

CONCLUSIÓNS: Da información obrante no expediente non se acreditan motivos de incompatibilidade derivados dos horarios nin das funcións ou tarefas a desenvolver.

Á vista do citado informe, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Pleno do escrito presentado polo Sr. Lorenzo Bua aos efectos do seu coñecemento.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DESTE CONCELLO AO PROGRAMA DA RECICLAXE A TRAVÉS DE PLANTAS DE COMPOSTAXE (VILANOVA DE AROUSA) , PROMOVIDAS POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DE SOGAMA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

En relación coa planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa, a previsión é que esta infraestrutura entre en funcionamento o próximo 1 de novembro de 2023.

Tendo en conta que a lexislación europea fixou o 31 de decembro de 2023 como prazo límite para que os entes locais implanten a recollida diferenciada da materia orgánica, faise necesario unha estreita coordinación con todos os actores implicados a fin de articular a loxística e mecanismos que permitan tratar a materia orgánica recollida a través dos contedores marróns e convertela en compost, que posteriormente se empregará no sector da agricultura e xardinería.

Acompáñase o convenio que rexerá a relación contractual entre os Concellos e Sogama para o tratamento da fracción orgánica, cun canon de 48,30 €/t + IVE correspondente a este ano 2023.

Así mesmo, SOGAMA pónse a disposición do Concello para colaborar nos labores de formación e concienciación da veciñanza a fin de que esta utilice correctamente contedor marrón e se evite, ou alomenos se minimize, a presenza de impropios no mesmo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a adhesión deste Concello ao Convenio relativo ao programa da reciclaxe a través de plantas de Compostaxe (Vilanova de Arousa), promovidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de SOGAMA.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (7) e tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a Adhesión deste Concello ao Convenio relativo ao Programa de reciclaxe a través de plantas de compostaxe (Vilanova de Arousa), promovidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de SOGAMA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde indicase que se vai a proceder a realizar o debate conxunto dos asuntos que figuran cos números 6 e 7 da orde do día e posteriormente se realizará a votación de forma individual.

6.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2024.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2024.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

- Modificación das tarifas do art. 9 da O.F. Nº II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,3% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2022 a xullo/2023), con efectos para o 2024, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín.
- Actualizar tamén os importes previstos na Ordenanza para aqueles supostos de usos comerciais e industriais que non teñan instalado contador, quedando co seguinte importe:

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 11,75 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,17 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2

reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,363290 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,458185 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,488630 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,862 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 5,499 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 11,75 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,458185 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,536750 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 9,047 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,458185 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,553183 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual ... 15,921 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,17 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,482507 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,562415 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual 35,830 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,213 € / abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2024

1.- ACOMETIDAS

- acometida Gabia terra (A) Gabia asfalto (B) Gabia baldosa-beirarrúa (C)

¾ " 219,04 € 288,92 € 348,73 €

1 " 240,56 € 309,73 € 368,88 €

1 ½ " 318,49 € 388,35 € 448,95 €

2 " 378,94 € 447,50 € 507,30 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾" 1" 1½" 2" .

(A) Incremento de por m. 11,50 € 13,46 € 24,16 € 32,24 €

(B) Incremento de por m. 25,32 € 27,27 € 38,08 € 46,01 €

(C) Incremento de por m. 30,44 € 32,39 € .42,75 € 51,07 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 96,21 € / ud.; 20 mm.... 121,37 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN) €

Diámetro 15 mm. 66,45 /ud.

Diámetro 20 mm. 91,61 /ud.

Diámetro 25 mm. 149,18 /ud.

Diámetro 30 mm. 208,55 /ud.

Diámetro 40 mm. 323,39 /ud.

Diámetro 50 mm. 706,37 /ud.

Diámetro 65 mm. 875,69 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 21,55 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta do informe favorable da Tesorería Municipal, coa excepción das tarifas por desprecintado para reposición de subministro e por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, en ambos casos por importe de 21,55 €, posto que non estaba prevista na Ordenanza 2023 nin anteriores.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros para o ano 2024, coa excepción das tarifas por desprecintado para reposición de subministro e por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), sete abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes

ao grupo político municipal do PP (7) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros para o ano 2024, coa excepción das tarifas por desprecintado para reposición de subministro e por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos. nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,363290 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,458185 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,488630 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,862 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 5,499 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 11,75 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,458185 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,536750 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 9,047 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,458185 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,553183 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual ... 15,921 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,17 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,482507 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,562415 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,466 € / abonado mes
- Cota mínima mensual 35,830 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,213 €/ abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2024

1.- ACOMETIDAS

- acometida Gabia terra (A) Gabia asfalto (B) Gabia baldosa-beirarrúa (C)

¾ " 219,04 € 288,92 € 348,73 €

1 " 240,56 € 309,73 € 368,88 €

1 ½ " 318,49 € 388,35 € 448,95 €

2 " 378,94 € 447,50 € 507,30 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾" 1" 1½" 2" .

(A) Incremento de por m. 11,50 € 13,46 € 24,16 € 32,24 €

(B) Incremento de por m. 25,32 € 27,27 € 38,08 € 46,01 €
(C) Incremento de por m. 30,44 € 32,39 € 42,75 € 51,07 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

- Instalación en batería de contadores ou similar
- Contador de 15/20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 96,21 € / ud.; 20 mm.... 121,37 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

- Presupostarse para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN) €

Diámetro 15 mm. 66,45 /ud.

Diámetro 20 mm. 91,61 /ud.

Diámetro 25 mm. 149,18 /ud.

Diámetro 30 mm. 208,55 /ud.

Diámetro 40 mm. 323,39 /ud.

Diámetro 50 mm. 706,37 /ud.

Diámetro 65 mm. 875,69 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 21,55 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA II.5 DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2024. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2024.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal N° II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2024, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,3% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2022 a xullo/2023), con efectos para o 2024.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal N° II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2024.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,823
Uso comercial	3,856
Uso industrial	7,116
b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:	€/ mes
Uso doméstico	3,985
Uso comercial	4,996
Uso industrial	11,389
B) CONSUMO SERVIZO AUGA:	
Uso doméstico:	€
Cada m ³ consumido	0,099261

Uso comercios:	€
Cada m ³ consumido	0,099261
Uso industrial:	€
Cada m ³ consumido	0,099261

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	7,116
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,099261

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal n° II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser

publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2024.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora II.5 da Taxa de depuración de augas residuais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), sete abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (7) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal N° II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2024.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,823
Uso comercial	3,856
Uso industrial	7,116
b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:	€/ mes
Uso doméstico	3,985
Uso comercial	4,996
Uso industrial	11,389
B) CONSUMO SERVIZO AUGA:	
Uso doméstico:	€
Cada m ³ consumido	0,099261

Uso comercios:	€
Cada m ³ consumido	0,099261
Uso industrial:	€
Cada m ³ consumido	0,099261

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:	€
Cota fixa mensual (aboadado mes)	7,116

Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,099261
--	----------

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE APERTURA DE AREAS COMPETENCIA DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CON CARÁCTER PERIÓDICO, PARA ALIVIAR PROBLEMAS DE ESTACIONAMENTO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 11 de outubro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN: APERTURA DE CERTAS ÁREAS COMPETENCIA DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA, CON CARÁCTER PERIÓDICO, PARA ALIVIAR PROBLEMAS DE

ESTACIONAMIENTO

Francisco Xabier Rodríguez Paz, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilagarcía de Arousa, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta Corporación Municipal é consciente de que, a pesar dos progresos realizados en materia de habilitación de zonas de estacionamento disuasorio, queda bastante tarefa por realizar, en canto aínda está pendente de aprobación o Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel (PMUS)

Isto maniféstase de xeito notable dúas veces por semana, os martes e os sábados, coincidindo coa celebración do tradicional mercado nos arredores da praza de abastos e rúas colindantes.

A falta de prazas de estacionamento suficientes, unida á percepción de que o transporte público canto a frecuencias e horarios non é todo o eficaz que se require, disuade á veciñanza do rural e de concellos veciños de achegarse a este espazo, detraendo volume de negocio tanto para os comerciantes da praza de abastos como para os vendedores ambulantes; e mesmo o pequeno comercio de proximidade que se beneficia, sen dúbida, da existencia do mercado.

No pasado, a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, e de xeito excepcional, viu autorizando o estacionamento- se ben é certo que restrinxido aos comerciantes- en zonas que son da súa competencia, nomeadamente o Cavadelo, baixo a supervisión de policía local, portuaria e protección civil.

A pesar das transformacións urbanísticas da rúa Valle Inclán e do propio Cavadelo – por exemplo, a construción do Centro de Alta Tecnificación de Vela-, aínda quedan espazos por explorar como lugares de estacionamento, na fachada marítima que vai da Capitanía Marítima á Cordelería R de Lorenzo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Solicitar á representación municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía que someta a consideración, neste órgano executivo, abrir de xeito excepcional, os martes e sábados, aquelas instalacións portuarias que, pola súa proximidade ao mercado, sexan susceptibles de poder ser utilizadas como lugar de estacionamento pola veciñanza.

Vilagarcía de Arousa, 11 de outubro de 2023

F. Xabier Rodríguez Paz

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre apertura de áreas competencia da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, con carácter periódico, para aliviar problemas de estacionamento.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e, solicitar á representación municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía que someta a consideración, neste órgano executivo, abrir de xeito excepcional, os martes e sábados, aquelas instalacións portuarias que, pola súa proximidade ao mercado, sexan susceptibles de poder ser utilizadas como lugar de estacionamento pola veciñanza.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E A NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa data de 17 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista
Fco. Xabier Rodríguez Paz, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóñlese máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento

galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen

como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2023

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reivindicación do día 25 de novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2) e EU (1) e sete votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (7).

ACÓRDASE Por maioría, aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de

incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP CONTRA A INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de outubro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN CONTRA A INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO.

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de outubro de 2023 a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución

Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía reconece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén reconecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén reconecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa. Así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia, solicitamos:

Que o concello de Vilagarcía de Arousa amose o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e inste ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle reconece o seu Estatuto.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG, que foi rexeitada polo grupo político municipal do PP na Comisión Informativa, do seguinte teor:

2.- Apoiar a Proposición de Lei rexistrada no Parlamento de Galiza, de traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de ordenación e xestión do litoral (presentada por D. Luis Bará no Parlamento de Galicia).

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7) e BNG (2), unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1), e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (9).

Producécese un empate na votación decidindo o voto de calidade do Alcalde, polo que **ACÓRDASE** rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA CREACIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO EN CARRIL.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de outubro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de outubro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de outubro de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Creación dun aparcadoiro disuasorio en Carril

EXPOÑEN

O modelo urbano no que está envolto Vilagarcía crea numerosas eivas en materia de circulación. Unha das máis importantes é a falta de aparcadoiros, unha problemática que cada vez é máis grande na nosa vila. Dende o Partido Popular non estamos en contra das peonalizacións, pero si creemos que se deben buscar máis espazos para a construción de aparcadoiros que faciliten o día a día dos vilagarcíans.

Coa problemática da falta de aparcadoiros, atópanse dende hai meses os veciños de Carril. Como solución a este problema, dende o Partido Popular propoñemos ao Pleno Municipal que o goberno chegue a un convenio con algún dos propietarios dos terreos que están situados na Avenida de Rosalía de Castro, tanto na parcela que ocupa os números 179 e 181, como a que se sitúa en fronte co número 192, para poder utilizar algún deses espazos como aparcadoiro disuasorio. De feito, a parcela que ocupa os números 179 e 181 ten un gran tamaño e o chan está con cemento, co que a súa adaptación para convertelo nun aparcadoiro non requiriría dun gran investimento.

Dende o Partido Popular consideramos que esta sería unha gran medida para solucionar os problemas de estacionamento co que se encontra a veciñanza de Carril. De feito, os veciños e veciñas que viven no centro da vila teñen como aparcadoiro máis próximo o que está situado na mesma Avenida de Rosalía de Castro á altura do 158. Un aparcadoiro adaptado polo concello pero que resulta insuficiente para atender a demanda da zona. A marxe de ese espazo, o outro aparcadoiro máis próximo está situado na rúa Santiago (San Roque), a 500 metros das parcelas solicitadas e cun espazo tamén limitado. Unha distancia que resulta molesta para os veciños, especialmente, os días de choiva.

Dentro dos problemas de aparcadoiros cos que se atopa a veciñanza de Carril, unha das demandas dos carrileiros para mellorar a situación é a de sinalizar prazas de aparcadoiros para residentes. Unha medida que o goberno de Vilagarcía prometeulles hai anos á veciñanza pero que a día de hoxe segue sen levarse a cabo.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular

SOLICITA

- Que o goberno negocie cos propietarios das parcelas para elaborar un convenio que permite utilizar algún dos dous terreos como aparcadoiro disuasorio.
- Que nalgunhas rúas do centro de Carril se sinalicen prazas de aparcadoiro para residentes.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para creación dun aparcadoiro disuasorio en Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Que o goberno negocie cos propietarios das parcelas para elaborar un convenio que permite utilizar algún dos dous terreos como aparcadoiro disuasorio.
- Que nalgunhas rúas do centro de Carril se sinalicen prazas de aparcadoiro para residentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóstanse as preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=15>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=16>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20231026&punto=17>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.